camiño escena norte
camín escena norte
camino escena norte
ipar eszena bidea

2020

ENCONTRO PROFESIONAL

HABITACIÓN PEREGRINA PRO

Camiño Escena Norte
2020

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:

Escena Galega · ESCENASTURIAS · ACE PAE · ESKENA

www.escenanorte.com

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

QUE É?

Habitación Peregrina PRO é unha proposta que xorde dentro do proxecto *Camiño Escena Norte*, concretamente dentro da súa **programación expandida *Camiño Expandido.*** Recolle o título do programa de residencias de creación baseadas no intercambio entre CCAA que implementamos na 1ª edición (2019), durante a que identificamos de maneira palpable que **non existe un coñecemento en profundidade nin unha relación estable e duradeira de sinerxias** entre as compañías e axentes profesionais do sector das artes escénicas que operan nos 4 territorios implicados neste proxecto: Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi.

O obxectivo principal de *Camiño Escena Norte* é o de crear un novo **corredor cultural artellado por medio deste novo territorio compartido,** que sirva tamén para o coñecemento mutuo por medio da produción cultural de cada CCAA no campo das artes escénicas.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

QUE É?

Así, ademais de poñer en contacto ao público con espectáculos e actividades paralelas aos que doutra maneira non accederían, *Camiño Escena Norte* pretende de igual maneira **desbordar o marco da súa propia programación, posibilitando a interrelación entre territorios e as sinerxias profesionais entre compañías de Galicia, Asturias, Cantabria e Euskadi.**

Habitación Peregrina PRO **pretende ser un espazo de convivencia profesional** onde o cento de compañías que abarcan as asociacións promotoras (Escena Galega, EscenAsturias, Acepae e Eskena), máis todas aquelas de o sector que queiran unirse á actividade, poidan **entrar en contacto, coñecer as súas liñas de traballo e propostas estéticas, coñecer a realidade dos distintos circuítos de programación, explorar vías de coprodución e traballo conxunto** e acceder a propostas de formación que sexan de interese para o seu desenvolvemento profesional.

Así mesmo, o encontro pretende ser un **foco de reflexión e coñecemento sobre a realidade do sector nas circunstancias actuais,** sen perder de vista o **traballo sobre o modelo de residencias de creación** que desde *Camiño Escena Norte* quere seguir implementándose a partir de 2021.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

OBXECTIVOS DO ENCONTRO:

1. Crear un novo espazo de encontro profesional onde entren en contacto as compañías de artes escénicas dos 4 territorios implicados no proxecto *Camiño Escena Norte.*

2. Posibilitar a posta en contacto e sinerxias profesionais e artísticas necesarias para que, no curto e medio prazo, exista unha relación máis fluída entre as artes escénicas galegas, asturianas, cántabras e vascas.

3. Establecer as canles necesarias para que *Camiño Escena Norte* mude nalgo máis que unha programación anual, senón que este proxecto funcione como alicerce para unha maior conexión cultural interterritorial.

4. Proporcionar a compañías e axentes profesionais información, referencias e contactos de interese para o coñecemento da realidade do sector nos territorios veciños (funcionamento de circuítos, programas de apoio, contactos con programadores/as…)

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

FOCOS TEMÁTICOS DO ENCONTRO:

RESIDENCIAS_O encontro xorde orixinalmente para abrir un espazo de reflexión sobre o programa de residencias implementado na edición 2019, con resultado desigual. É por iso que un dos focos de atención e traballo será sobre distintos modelos de residencias profesionais de creación e traballo, baseados en propostas xa presentes e en funcionamento nas CCAA onde promovemos *Camiño Escena Norte.*

PROMOCIÓN/DISTRIBUCIÓN_*Habitación Peregrina PRO* pretende ser tamén un espazo de oportunidades de visibilización e promoción da actividade profesional para compañías produtoras e profesionais da programación.

FORMACIÓN_ Focalizaremos a actividade de formación, demandada polas propias compañías, na venda e distribución e relación compañías/espazos escénicos nunha época de cambio profesional sen precedentes por causa do Covid19.

ENCONTRO/SINERXIAS_A nivel de relación entre as compañías, este encontro pretende sentar as bases para un coñecemento maior e máis profundo da realidade profesional e artística das compañías nos 4 territorios, e a creación de relacións e sinerxias produtivas para o desenvolvemento profesional das mesmas.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

CRONOGRAMA:

MARTES 15 DE SETEMBRO

XORNADA 1: ENCONTRO E SINERXIAS ENTRE COMPAÑÍAS.

16.00 a 17.30 h_ Dinámica de grupo para presentación e coñecemento entre compañías.
Acompaña: Diego Parajó.

17.45 a 18.45 h_ Rolda de *pitchings* (I): presentacións de 6 compañías x 10 minutos cada compañía. Enfocadas a sinerxias entre compañías.

17.45 a 18.45 h_ Rolda de *speed meetings* (I): reunións bilaterais entre compañías, máximo 10 minutos cada reunión (en paralelo a *pitchings*, en distintas salas)

18.45 a 19.15 h_ Pausa café.

19.15 a 20.15 h_ Rolda de *pitchings* (II): presentacións de 6 compañías x 10 minutos cada compañía. Enfocadas a sinerxias entre compañías.

19.15 a 20.15 h_ Rolda de *speed meetings* (II): reunións bilaterais entre compañías, máximo 10 minutos cada reunión (en paralelo a *pitchings,* en distintas salas)

20.15 a 21.30 h_ Visita guiada en grupo pola cidade de Lugo.

21.30 h_ Cea.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

CRONOGRAMA:

MÉRCORES 16 DE SETEMBRO

XORNADA 2: PROMOCIÓN E DISTRIBUCIÓN.

09.30 a 10.45 h_ Conferencia: Estratexias de programación e relación compañías - programadores/ as. Cal é o futuro das programacións escénicas na época Covid19?
Imparte: Carlos Morán, presidente da Rede Española de Teatros, Auditorios, Circuítos e Festivais de titularidade pública.

11.00 a 13.00 h_ Presentación: Circuítos escénicos autonómicos nos territorios de *Camiño Escena Norte*, funcionamento e características.
Presentan:
María Paredes Rodríguez (coordinadora), RGTA- Rede Galega de Teatros e Auditorios (Agadic-Axencia Galega das Industrias Culturais/Xunta de Galicia)
Pablo León Gasalla (Director Xeral de Cultura e Patrimonio), Circuíto das Artes Escénicas do Principado de Asturias (Goberno do Principado de Asturias)
Julio Peña del Campo (coordinador), Cantabria Escena Pro (Goberno de Cantabria)
José Luis Ibarzábal Eguibar (técnico de artes escénicas), Rede de Teatro Vascos SAREA (Goberno Vasco/Eusko Jaurlaritza)

13.00 a 13.30 h_ Pausa café.

13.30 a 14.15 h_ Visita institucional representantes Concello + Deputación Provincial de Lugo. Foto de familia en Torre da Mosqueira.

14.30 a 16.00 h_ Xantar networking.

16.00 a 18.15 h_ Rolda de *pitchings*: presentacións de 12 compañías x 10 minutos cada compañía. Enfocadas a programadores/ as presentes.

18.15 a 18.45 h_ Pausa café

18.45 a 20.45 h_ Rolda de *speed meetings*: reunións bilaterais entre compañías e programadores/ as, máximo 10 minutos cada reunión (en distintas salas)

21.30 h_ Cea.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

CRONOGRAMA:

XOVES 17 DE SETEMBRO

XORNADA 3: REFLEXIÓN SOBRE MODELO DE RESIDENCIAS E FORMACIÓN.

09.00 a 11.00 h_ Obradoiro exprés de distribución escénica: retos na venda de espectáculos na era Covid19.
Imparte: Nines Carrascal, produtora e distribuidora. Comisaria do Mercado das Artes Escénicas Mercartes.
Número de prazas: 25.

11.00 a 12.00 h_ Presentación: Modelos de residencias e programas de apoio á creación nos territorios de *Camiño Escena Norte.*
Residencias Paraíso (Galicia) Presenta: Caterina Varela Garea (Colectivo rpm)
Programa de Artes Escénicas en Residencia, Laboral Ciudad de la Cultura (Asturias) Presenta: Lourdes Prendes García-Barrosa (Sociedade Pública de Xestión e Promoción Turística e Cultural do Principado de Asturias)
Proxecto sobre residencias profesionais de creación promovidas desde a institución pública para o sector profesional (Cantabria) Presenta: Carlos Troyano Cestelo (Palacio de Festivais de Cantabria, Goberno de Cantabria)
Programa de subvencións a proxectos de promoción das artes escénicas (Euskadi) Presenta: José Luis Ibarzábal Eguibar (Goberno Vasco/Eusko Jaurlaritza)

12.00 a 12.30 h_ Pausa café.

12.30 a 14.30 h_ Dinámica de grupo sobre modelos e referencias presentadas.
Acompaña: Diego Parajó.

14.30 a 16.00 h_ Xantar networking e despedida.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

INFORMACIÓN SOBRE O CONTIDO DAS ACTIVIDADES:

Sobre as dinámicas de traballo.

MARTES 15, 16.00 a 17.30 h_Dinámica de grupo para presentación e coñecemento entre compañías.
(Networking) Escenarios de futuro. Traballaremos nestes primeiros 90 minutos do encontro na toma de contacto e presentación dos/as profesionais asistentes para a toma de confianza e a posta sobre a mesa de distintas cuestións: quen somos? por que estamos aquí? cales son as nosas liñas de traballo? cales son os nosos obxectivos ao asistir ao encontro?

XOVES 17, 12.30 a 14.30 h_Dinámica de grupo sobre modelos e referencias presentadas.
(Obradoiro/Workshop) Sesión de deseño e prototipado rápido de modelos de residencias e programas de intercambio entre compañías. Consistirá nunha dinámica guiada de creatividade e ideación colectiva de conceptos de proxectos de residencias en situacións socioeconómicas diversas e fluídas.

Acompaña: Diego Parajó.
Socio fundador e xerente de Xeneme - innovación Social dende 1998, onde desenvolve a súa actividade como formador, consultor e project manager en proxectos de servizos sociais, educativos e culturais.

Diplomado en Educación Social.
Experto en Xestión Cultural.
Máster en Responsabilidade Social Corporativa.
Especialista en mediación de procesos comunitarios, innovación social e creatividade.
Consultor Certificado en Creative Problem Solving.
Consultor e mentor de Design Thinking en procesos creativos de organizacións.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

INFORMACIÓN SOBRE O CONTIDO DAS ACTIVIDADES:

Sobre o obradoiro de distribución escénica.

XOVES 17, 09.00 a 11.00 h_Obradoiro exprés de distribución escénica: retos na venda de espectáculos na era Covid19.
O mercado das artes escénicas é por natureza cambiante e inestable, e en moitos casos está suxeito a cuestións que transcenden o meramente cultural. O COVID-19 non entraba nos nosos plans. Nin no peor dos pesadelos imaxinamos que un virus paralizaría o mundo. Todo ocorreu en cuestión de horas, decretouse o Estado de Alarma e a actividade cultural paralizouse por completo. Durante o confinamento evidenciouse o carácter esencial da cultura, fundamental para soportar o illamento, entreter e en moitos casos, mitigar o efecto da soidade. A nova normalidade debuxou un escenario moi incerto non só pola limitación da capacidade dos espazos, senón pola suspensión de moitas actividades programadas e a adopción de políticas culturais de marcado carácter proteccionista, que limitaron as xiras entre diferentes territorios. Ante unha situación sen precedentes, o sector escénico está obrigado a reformular a súa actividade, sobre todo as súas estratexias de distribución. Non podemos seguir pensando que os espectáculos se venden sós, ou mesmo mostrarnos alleos aos cambios que se están producindo no consumo de produtos culturais. Por iso, formularemos preguntas tratando de atopar respostas, sabendo que non existen as verdades absolutas nin as apócemas máxicas, pero si a posibilidade de mellorar as estratexias e rebaixar a incerteza á hora de afrontar os procesos de venda.

Imparte: Nines Carrascal.



Máster en xestión cultural en artes escénicas (música/teatro/danza), Universidade Complutense (Madrid) 1997/1998. Proxecto de Investigación sobre “Produción e distribución en Andalucía. 1997/1998”.

De 1994-2019 desenvolveu o seu traballo en dous ámbitos: a produción de espectáculos coa compañía HISTRIÓN TEATRO e a distribución de propostas de teatro e danza a través de ESCENA DISTRIBUCIÓN. Foi comisaria do proxecto MERCARTES (Mercado das artes escénicas) na edición 2018 e neste momento prepara a edición 2021.

Impartiu numerosos cursos de formación para escolas profesionais como Escénica Técnica nas súas sedes de Granada e Málaga, obradores e relatorios para organismos como Artekale, Acta, ARES (Aragón), Escena Galega, TTP, Escola da REDE, as Deputacións de Granada, Málaga e Córdoba, etc. e publicado en diferentes revistas especializadas do sector.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

LISTADO DE PROFESIONAIS DA PROGRAMACIÓN CONFIRMADOS/AS PARA A XORNADA DO MÉRCORES 16:

GALICIA

Manuel Freire Cid. Programador do Auditorio Municipal de Ourense.
Anxo Manoel Lamelo Fernández. Asesor de programación cultural do Concello de Lugo.
Vanesa Siso Calvo. Concelleira de Cultura, Comunicación e Igualdade do Concello de Vilalba.
Carmen Castro Pombo. Programadora da Concellería de Cultura do Concello de Carballo.
Luciano M. Fernández Vicente. Director do Padroado de Cultura do Concello de Narón.

ASTURIAS

Lourdes Prendes García-Barrosa / Miguel Ángel Montes López. Técnica/o do equipo de programación e xestión de espazos de Laboral Ciudad de la Cultura (Sociedade Pública de Xestión e Promoción Turística e Cultural do Principado de Asturias)
Idoia Ruiz de Lara. Directora de programas do Departamento de Promoción das Artes. Fundación Municipal de Cultura, Educación e Universidade Popular do Concello de Xixón.
Luis Vigil Álvarez. Asesor de programación escénica do Concello de Oviedo.
Ramón Quirós Moro. Director da Fundación Municipal de Cultura de Siero.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

LISTADO DE PROFESIONAIS DA PROGRAMACIÓN CONFIRMADOS/AS PARA A XORNADA DO MÉRCORES 16:

CANTABRIA

Carlos Troyano Cestelo. Programador do Palacio de Festivales de Cantabria (Santander)
Julio Peña del Campo. Coordinador do circuíto escénico profesional Cantabria Escena PRO.
Esther Vélez Rubín. Concelleira de Cultura e Educación do Concello de Torrelavega.

EUSKADI

Carlos Morán Arostegi. Director do Serantes Kultur Aretoa, organismo autónomo de cultura do Concello de Santurtzi.
Josu Pérez de Villarreal Larrea. Programador de Harresi Aretoa (Sala Harresi) do Concello de Agurain.
Iñaki Larrañaga. Programador do Arriola Antzokia do Concello de Elorrio.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

INFORMACIÓN PRÁCTICA:

ONDE? Lugo, Centro Cultural Vello Cárcere.

CANDO? Do martes 15 ao xoves 17 de setembro.

A QUEN VAI DIRIXIDO? Compañías de artes escénicas e axentes profesionais do sector de calquera das 4 CCAA implicadas no proxecto (Galicia, Asturias, Cantabria y Euskadi)

CAL É O PERÍODO DE INSCRICIÓN? Do mércores 12 de agosto ao luns 7 de setembro ás 20.00 h, por medio da web **www.escenanorte.com**

CAL SERÁ A FÓRMULA DE PAGO PARA O PREZO DE INSCRICIÓN? Por medio de transferencia bancaria nos 3 días posteriores á confirmación da praza por parte da organización.

A QUEN DIRIXIRME EN CASO DE DÚBIDAS OU PREGUNTAS SOBRE O ENCONTRO? Mediante correo electrónico, enviando as mesmas a estes dous enderezos de referencia: **coordinacion@escenanorte.com** (Diego V. Meizoso) // **produccciongalicia@escenanorte.com** (Cecilia Carballido)

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

INFORMACIÓN PRÁCTICA:

ALOXAMENTO: O hotel do encontro será o **Eurostars Gran Hotel Lugo**** **(Avenida Ramón Ferreiro, 21)**, a 5 minutos andando do Centro Cultural Vello Cárcere. O aloxamento será en réxime de cuarto individual con almorzo. Non se dará a opción de aloxamento en cuarto dobre excepto para persoas inscritas que sexan conviventes. Neste caso, o prezo da inscrición será o mesmo que para cuarto individual (é dicir, abonaranse dous pagos de inscrición, un por cada persoa, cos prezos descritos máis adiante)

COMO CHEGAR? En caso de desprazamento en vehículo particular a cidade de Lugo está moi ben comunicada co resto de CCAA da cornixa cantábrica por medio da Autovía/Autoestrada do Cantábrico (A-8/AP-8) A outra opción de transporte é mediante autobús, por medio da empresa ALSA (www.alsa.es)

APARCAMENTO: En caso de desprazamento en vehículo particular a organización non facilitará aparcamento. O hotel dispón de aparcadoiro e os dous aparcadoiros privados máis próximos son o Parking Ramón Ferreiro (Salvador de Madariaga, 5) e o Interparking Praza da Constitución (Praza da Constitución s/n), este xusto á beira do Centro Cultural Vello Cárcere. En todo caso, en Lugo non existe sistema de "zona azul" para aparcamento na vía pública, por tanto pode aparcarse de balde en calquera rúa da cidade.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

PREZOS DE INSCRICIÓN:

(*) Asociadas: Compañías asociadas a algunha das 4 asociacións promotoras (Escena Galega, EscenAsturias, Acepae, Eskena)

Asistencia 3 xornadas, incl. aloxamento e todo incluído.
Asociadas: 90 €
Non asociadas: 150 €

Asistencia 3 xornadas, sen aloxamento e sen almorzo/cea.
Asociadas: 45 €
Non asociadas: 75 €

Asistencia por xornada solta, incl. aloxamento e todo incluído.
Asociadas: 30 €
Non asociadas: 50 €

Asistencia por xornada solta, sen aloxamento e sen almorzo/cea.
Asociadas: 15 €
Non asociadas: 25 €

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

CUESTIÓNS DE INTERESE PARA OS/AS PROFESIONAIS:

1. O prezo da inscrición do mércores 16 e xoves 17 inclúe nos dous casos o xantar networking.

2. Non se servirá café ou calquera outro refrixerio no Centro Cultural Vello Cárcere, o programa conta xa con algunhas pausas nas que as persoas asistentes poderán saír á praza de Campo Castelo, con varios locais de restauración a 2 minutos andando do espazo.

3. O xantar networking terá lugar no **restaurante Rosalía de Castro (Puro Cora s/n)**, a 5 minutos andando do espazo.

4. No caso de que exista unha demanda de prazas que desborde o aforo das distintas actividades e espazos do Centro Cultural Vello Cárcere (coa capacidade restrinxida sobre a súa capacidade habitual debido ás circunstancias actuais) establecerase unha orde de preferencia na que irán antes as compañías asociadas ás asociacións promotoras, e dentro destas establecerase tamén unha orde segundo data/hora de inscrición.

5. Se o encontro debe ser suspendido por causas derivadas da situación sanitaria devolverase o importe íntegro do prezo de inscrición. Farase o mesmo se a persoa inscrita non pode asistir por esta causa.

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

CUESTIÓNS DE INTERESE PARA OS/AS PROFESIONAIS:

6. Durante os 3 días do encontro haberá unha persoa de referencia na entrada do espazo para a entrega de material e benvida das persoas asistentes.

7. Debido ás circunstancias derivadas do Covid19 existe a posibilidade de que algunha das persoas intervenientes e convidadas o faga por medios telemáticos, non de maneira presencial.

8. Durante a actividade nos distintos espazos do encontro deben seguirse en todo momento as indicacións do persoal de organización respecto ás medidas derivadas da situación sanitaria (control de accesos e capacidade, uso de máscara e xel, distancia interpersoal…)

9. Recoméndase aos/as profesionais asistentes a non utilización de materiais en papel nas distintas actividades do encontro, substituíndoos polas versións do material en teléfono móbil, tablet ou computador portátil. Poñerase ao dispor dos/as asistentes os medios de contacto do resto de profesionais asistentes.

10. O encontro profesional *Habitación Peregrina PRO* desenvolverase con atención a todos os protocolos de seguridade e medidas hixiénico sanitarias en vigor na CCAA de Galicia e implementados polo Concello de Lugo no momento do mesmo. **Somos un evento seguro.**

#aculturaésegura

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

ENCONTRO PROFESIONAL *HABITACIÓN PEREGRINA PRO 2020*

QUEN NOS ACOMPAÑA?

O encontro *Habitación Peregrina PRO* é posible grazas á participación, colaboración e financiamento do Concello e a Deputación Provincial de Lugo.

Concello de Lugo

Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua

DEPUTACIÓN DE LUGO

www.escenanorte.com

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:

Escena Galega

ESCENASTURIAS
ASOCIACIÓN D'EMPRESES D'ARTES ESCÉNIQUES

ACE PAE
ASOCIACIÓN CÁNTABRA DE EMPRESAS PRODUCTORAS DE ARTES ESCÉNICAS

ESKENA
Euskadiko Ekoizle Eszenikoen Elkartea